

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Orde do 2 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións aos concellos galegos para a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN201I).

BDNS (Identif.): 332831.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia de ata 20.000 habitantes.

Segundo. *Obxecto*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a posta en marcha e adecuación de instalacións de uso comercial co obxectivo de habilitar espazos de emprendemento comercial, que contarán coa oportuna sinalización, e de poñer á disposición postos de venda adecuados espacialmente nos cales se desenvolverán actividades comerciais que veñan complementar o mix comercial existente na zona, sempre que sexan realizadas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2017.

A porcentaxe subvencionable acadará o 70 % do investimento, cun máximo de 70.000,00 euros de subvención.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Importe*

Destínase un total de 600.000,00 euros da aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.3.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, que contará a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, se é festivo, o primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

